



Ilmo. Sr. Alcalde:

Preséntase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, a apertura dos prazos e o procedemento de admisión nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueirinos.

O proceso ten varios apartados, por un lado a **reserva de praza** do alumnado xa matriculado neste curso 2013-2014. Tamén é necesario atender a demanda daqueles pais/nais ou representantes legais de nenos/as matriculados para poder solicitar a aprobación do traslado a outra escola infantil municipal de Santiago de Compostela, tendo en conta que estará sometida ás limitacións derivadas dos grupos que se formen atendendo á idade; a través a presentación dunha solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela ou nos rexistros auxiliares. Así mesmo, tamén se abre un prazo para que o persoal das escola infantís municipais podan solicitar praza para os seus fillos/as.

O prazo de presentación de solicitudes do procedemento de reserva de prazas e traslado do alumnado actual, será entre os días 1 e 10 de marzo coa entrega da correspondente solicitude no Rexistro Xeral ou nos Rexistros auxiliares do concello de Santiago de Compostela. Os/as traballadores/as das EIM de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueirinos deben solicitar tamén neste período a praza para o seu fillo/a.

Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes e revisadas as reservas de praza se procederá o día **14 de marzo** á exposición pública nos taboleiros de anuncios do Concello de Santiago de Compostela, nos das escolas infantís municipais, así como na páxina web municipal, da lista de reservas e trasladados e o número de **prazas vacantes por unidades**.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 15 de marzo ao 15 de abril.

As solicitudes entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras), no Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salgado, 14-16 Baixo) ou no CERSIA (Avenida Alcalde Raimundo López Pol, s/n.)

DOCUMENTACIÓN:

- Certificado de empadronamento. Este documento será solicitado desde o Departamento de Educación ao padrón municipal.
- Fotocopia do Libro de Familia ou Título de familia numerosa. A situación de familia monoparental acreditarase con copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- Fotocopia do documento de identidade do/a solicitante.

**APERTURA DOS PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS
ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, DAS FONTINAS
E MEIXONFRÍO-SALGUEIRINOS. CURSO 2014-2015**

- Acreditación de situacións familiares que incidan na valoración da solicitude (situación laboral, discapacidades, separacións,...)
- Xustificación de ingresos da unidade familiar. Copia da declaración da renda de 2012 de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación. Xunto co certificado acompañarase unha copia das dúas últimas nóminas.
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considérase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibir, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.
- Informe do organismo competente sobre a necesidade de integración, no caso de nenos ou nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

O concello de Santiago poderá solicitar ás persoas que resulten adxudicatarias de praza, a achega de documentación orixinal para o seu cotexo.

**RELACION DE ALUMNADO ADMITIDO E LISTA DE AGARDA
Relación provisional de admitidos**

A comisión de valoración efectuará a proposta inicial de baremación e selección e fará pública a relación provisional, coa puntuación obtida, do alumnado admitido, e tamén a lista de agarda. Esta relación exporase no taboleiro xeral do Concello de Santiago e no das Escolas Infantís Municipais así como na páxina web municipal www.santiagodecompostela.org

Entre o **2 e o 10 de maio** farase pública a lista provisional de admitidos a lista de agarda.

Reclamacións

Os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que consideren oportunas, no prazo de **dez días** naturais contados desde a data de exposición da relación provisional de admitidos. As reclamacións presentarase no Rexistro Xeral ou nos Rexistros auxiliares do concello de Santiago de Compostela.

Relación definitiva de admitidos/as e lista de agarda

Unha vez que a Comisión estude todas as reclamacións presentadas, procederase á exposición da relación definitiva de admitidos/as e da lista de agarda, logo da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Entre o **23 e o 31 de maio** faranse públicas as listas definitivas e as listas de agarda.

PRAZO DE MATRÍCULA

O prazo de matrícula para todo o alumnado das escolas infantís municipais das Fontinas, Conxo e Meixonfrío-Salgueirinos será do **1 ao 15 de xuño**. De non

**APERTURA DOS PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS
ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, DAS FONTIÑAS
E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS. CURSO 2014-2015**

formalizarse a matrícula nesas datas decaerá o dereito á praza obtida (aínda constando o alumno/a na relación definitiva de admitidos) e, se terá por desistido a solicitude, arquivándose o expediente e non figurando nas listas de agarda.

RÉXIME DE PRAZOS

Os prezos que deberán pagar os usuarios serán os establecidos no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012), polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. Estes prezos tamén son de aplicación ás Escolas infantís municipais por canto reciben subvención desa Consellería.

Os prezos establecidos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social.

BAREMO

O baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís estableceuse de acordo coa Orde do 17 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería o curso 2014-15.

Polo exposto, solicito a aprobación de:

1.- Prazos:

O prazo de presentación de **solicitude de renovación e traslado** será entre o día 1 e o 10 de marzo.

O día 14 de marzo: exposición pública nos taboleiros de anuncios do Concello de Santiago de Compostela e nos das escolas infantís municipais así como na páxina web municipal, da lista de reservas e trasladados así como o número de **prazas vacantes por unidades**.

O prazo de presentación de solicitudes de **novo ingreso** será do 15 de marzo ao 15 de abril.

Entre o 2 e o 10 de maio farase pública a **lista provisional de admitidos e lista de agarda**.

Relación definitiva de admitidos/as e lista de agarda: entre o 23 e o 31 de maio.

O **prazo de matrícula** será do 1 ao 15 de xuño.

**APERTURA DOS PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS
ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, DAS FONTIÑAS
E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS. CURSO 2014-2015**

2.- Réxime de prezos:

Os prezos que deberán pagar os usuarios serán os establecidos no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012), polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. Estes prezos tamén son de aplicación ás Escolas infantís municipais por canto reciben subvención desa Consellería.

Os prezos establecidos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social.

3.- O baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís establece de acordo coa Orde do 17 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería o curso 2014-15.

Santiago de Compostela a 24 de febreiro de 2014

Asdo.: María Castelao Torres

Concellera de Educación